

PEZA DO MES

maio

2002



ABANO CHINÉS

MEDIDAS: 29 CM. PECHADO E 55 CM. ABERTO

CRONOLOXÍA: ARREDOR DE 1840-1860

TÉCNICA: PAPEL PINTADO A MAN, MARFIL E TEA.

FILIGRANA DE PRATA E ESMALTES

DATA INGRESO: 1968.

Nº Rº: 3.974

CARACTERÍSTICO ABANO CHINO, DENOMINADO “DAS MIL CARAS”, REALIZADO PARA A SÚA EXPORTACIÓN. PRESENTA VARIÑAS DE DOBRE CORPO E DOUS ESTREITOS PAÍSES NOS QUE SE REPRESENTAN ESCENAS DE GUSTO MANDARÍN. GÁRDASE NUN ESTOXO RECTANGULAR DE MADEIRA LACADA E DECORADO CON MOTIVOS CHINESES.



DETALLE DO TRABALLO DE FILIGRANA E ESMALTADO NAS VARIÑAS.



UNHA DAS ESCENAS APARECIDAS NO PAÍS.

ABANO CHINÉS

A palabra abano vén do vocábulo latino *vannus*, instrumento que se empregaba para aventar o gran e tamén para avivar o lume. A súa finalidade era a de mover o aire.

Aínda que non se pode precisar temporal nin espacialmente a súa orixe, é ben coñecido o seu uso dende tempos remotos nas diversas civilizacións. En Exipto, Grecia, Roma, Irán, China e Xapón utilizaronse diversos tipos de abanos cun fin utilitario ou cerimonial, marcando un *status de poder*.

No século XVI navegantes portugueses procedentes de Oriente introducen en Europa o uso do abano pregado, invención xaponesa do s. VII, expandíndose en pouco tempo a utilización do mesmo desde Italia e España a Francia e outros países europeos.

No século XVII foise consolidando unha industria especializada e xa no XVIII popularizouse completamente. Nun principio era un obxecto caro e raro do que soamente podían disfrutar as damas de alto liñaxe, logo pasará ás restantes capas sociais. A súa variedade, tanto os de luxo como os populares alcanzarán cotas insospeitadas. Había abanos de señora, señorita, cabaleiro, neno, de casa, de mañán, de verao, de inverno, de vestir, de paseo, de luxo, de loito, de voda, de igrexa, de peto, de viaxe, de xardín...

A situación de España con respecto ó abano, resulta un tanto singular; desde a idade media temos referencias do seu uso e citáanse en


séculos posteriores noticias de damas e cabaleiros que os utilizaban, así como nomes de abaniqueiros, pintores de países e incluso peticións para constituir un gremio.

Unha das primeiras novas atópase na “*Crónica*” de Pedro IV de Aragón, ónde se cita entre os diferentes oficios desempeñados por nobres ó servizo do rei a “*do que leva o trinchante, o que leva o abano*”. Sen embargo non se pode confirmar ata o século XIX a plena conformación do sector abaniqueiro español, cando fabricantes franceses sitúan en Valencia talleres para o montaxe de pezas importadas de Francia, significando o punto de arranque que levaría a España a converterse co tempo nun dos primeiros produtores de Occidente. Arredor dunha corentena de talleres de fabricación establécense en cidades como Madrid, Barcelona e sobre todo Valencia que se convertirá no centro do sector nacional.

Na fabricación dun abano, danse unha serie de operacións que van desde as puramente artísticas, realizadas por pintores, escultores, gravadores e ourives que decoran as variñas, que poden ser de marfil, nácara, madeira, metal, etc, ata as máis artesanais, como o corte das variñas, pegado e pregado das teas ou vitelas, requeríndose unha execución e técnica perfectas.

As distintas fases de elaboración poden facerse en talleres independentes. A primeira operación consiste no corte das variñas utilizando para o mesmo unha serra moi fina e un patrón, logo púlense, líxanse e afíanse. Con pequenas serras ou punzóns faise o calado, tallado ou repuxado das mesmas según o deseño previsto. A parte das variñas que se cala e

adorna e que vai desde o craviño ata a tea ou papel chámase “ponte”. A porción de variña que vai normalmente recuberta polo país é a “guía”, afiar ésta có fin de non avultar entre as teas constitúe un traballo moi delicado. As dúas variñas máis grandes e que cerran o paquete das mesmas, recibe o nome de “palas”, “padróns”, “caberas” ou “variñas mestras”. Tarefa importante é a pintura, polícromía e dourado do abano. Logo lévase a cabo a montaxe das variñas, perforando a súa parte inferior “boleta” e colocando un “craviño” que suxeita as mesmas e permite o despregado do mesmo. Realizada xa a armazón, resta a colocación da tea que recibe o nome de “país”, este pode ser de vitela, papel pintado ou gravado, encaixe, tea pintada ou bordada, etc.



ESTRUCTURA DO ABANO PREGABLE: 1, VARIÑAS. 2, GUÍA. 3, PAÍS. 4, BOLETA. 5, PONTE. 6, PALAS. 7, ROSETA.

anverso como no reverso, e de maneira escalonada. Poboado cunha multitude de personaxes, en variadas actitudes propias da vida cotiá, dentro de estancias abertas a paixases que mostran referencias arquitectónicas de módulos xeométricos, integrados plenamente na composición. A pintura, realizada a man sobre papel, mostra un delicado debuxo de minucioso detallismo, con vivas e brillantes tonalidades, suliñando a extraordinaria orixinalidade nas pequenas cabezas das figuras, realizadas en márfil, e tamén a aplicación de teas nas vestimentas. Orlado por reberete de motivos xeométricos e vexetais. Variñas e palas de prata na súa cor e sobredourada, estilizadas filigranas con aplicacións de motivos florais formados por esmaltes azuis e verdes. Clavillo reforzado por anel de metal e remate de dobre borla de fíos.



ESCENA CHINESA DA CAIXA.

Normalmente o país é dobre, quedando as guías ocultas entre os dous países que constituén o anverso e reverso do abano, estando estes decorados con temas mitolóxicos, bíblicos, históricos, florais, escenas galantes, etc, según o gusto ou pautas do momento.

O limitado sector español de fabricación, non alcanzou a cubrir a importante e crecente demanda nacional ó longo do século XIX, recurríndose a importación de abanos foráneos, países como Francia, América, Inglaterra, Xapón ou China exportarán a terras españolas.

De China é o abano aquí representado, realizado para a súa comercialización ó exterior e denominado “das mil caras”. Consta das dúas palas correspondentes e dun total de 18 variñas de dobre corpo que lle permite unha apertura de 180°. Dous estreitos países representan escenas cortesanas de gusto mandarín. A narración desenvólvese con igual protagonismo tanto no

A peza gárdase nunha caixa rectangular, lacada, con escena chinesa sobre a cuberta e floraes nos lados, resaltando a tonalidade dourada sobre o fondo negro.

Unha das curiosidades que aportou a cultura hispana, foi o verdadeiro código de linguaxe, cheo de coquetería e complicitade. A dama comunicábase libremente co abano nunha época na que a liberdade de expresión das mulleres estaba coartada por un severo sistema represivo. O movemento do mesmo podía expresar os sentimentos amorosos, o enfado, a negativa, a promesa, a ameaza ou o perdón.

O abano chegou a constituir un elemento indispensable na indumentaria feminina tal e como reflexan pintores e escritores costumistas, facendo que a imaxe da muller española ou latinoamericana quedase vinculada sen remisión a seu expresivo abano.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Milagros Conde Sánchez. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-335-2002



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

